



XUNTA DE FACULTADE
ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 13 DE XUÑO DE 2022

| | |
|--|--|
| <p>Asisten:</p> <p><i>Equipo decanal:</i> Prof. Francisco José Torres Pérez (Presidente) Prof. María Antonia Arias Martínez (Secretaria) Prof. María Belén Fernández Docampo Prof. Regina Ibáñez Paz Prof. José Carlos Orge Míguez Prof. Xosé Manuel Pacho Blanco</p> <p><i>PDI-A:</i> Prof. María Cruz Barreiro Carril Prof. María Isabel Cal Bouzada Prof. Carmen Domínguez Rubira Prof. Rafael Fernández Acevedo Prof. Pablo I. Fernández Carballo-Calero Prof. Margarita Fuenteseca Degeneffe Prof. María Noemi García Gestoso Prof. Marta García Mosquera Prof. Juan Antonio Hernández Corchete Prof. Baltasar Manzano González Prof. Helena Martínez Hens Prof. María Teresa Martínez Táboas Prof. Luis M. Muleiro Parada Prof. Anxo Tato Plaza Prof. Javier de Vicente Remesal</p> <p><i>PDI-B:</i> Prof. María Hylma Alcaraz Salgado Prof. Francisco Durán Vázquez Prof. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo</p> <p><i>Estudantes-1º/2º ciclo:</i> Dª. Verónica Bahamonde Castro D. Francisco Giralda Riveiro D. Manuel Lago Estévez Dª Sandra Mª Martínez Gómez Dª. Ana I. Giráldez González</p> <p><i>PAS:</i> Dª. Alba Victoria Portela Moldes D. Manuel Ángel Valcárcel Martínez</p> <p>Desculpan asistencia:</p> | <p>Acta da Comisión ordinaria da Xunta de Facultade do día 13 de xuño de 2022, convocada por orde do Presidente da mesma, Francisco José Torres Pérez, ás 12:00h en primeira convocatoria, e ás 12:30h en segunda convocatoria, celebrada telematicamente na Aula Virtual “Salón de Graos” da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 17 de marzo de 2022. 2. Informes do Sr. Decano. 3. Aprobación, se procede, do calendario de elaboración e aprobación das guías docentes para o curso 2022-23. 4. Aprobación, se procede, do nomeamento do profesor doutor D. Miguel Díaz y García Conlledo, como membro honorífico do Claustro de profesorado de Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. 5. Aprobación se procede, do nomeamento de Don Germán Serrano Espinosa, como padriño externo da X Promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. 6. Rolda aberta de intervencións. |
|--|--|



| | |
|---|--|
| Prof. María José Bravo Bosch Prof. Teresa D. Estévez Abeleira Prof. Pablo Grande Seara Prof. Ángel Manuel Mariño de Andrés Lydia Noriega Rodríguez Prof. José Ramón Rodríguez Lago | |
|---|--|

Ás 12:32h do día 13 de xuño de 2022 comeza a reunión da Xunta de Facultade, coa asistencia dos membros enriba enumerados.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17-03-2022).

Apróbase por asentimento.

2. Informes do Sr. Decano.

En relación con baixas e nomeamentos:

- A prof. Tamara Álvarez Robles xa non forma parte do claustro de profesorado da Facultade. Por tanto, cesou na súa actividade como coordinadora de internacional do Centro e como coordinadora do dobre Grao ADE-Dereito. O Decano manifesta publicamente o seu agradecemento a devandita profesora pola labor realizada neste Centro e deséxalle sorte no seu novo posto de traballo.
- Provisionalmente asume a labor de coordinación de internacional da Facultade o prof. Pablo Riquelme Vázquez a quen, o Sr. Decano, lle agradece a súa dispoñibilidade.
- A coordinación do dobre Grao ADE-Dereito pasa a ser asumida pola prof. María Hylma Alcaraz Salgado a quen o Decano agradece a súa colaboración.
- En substitución do prof. Aday Jiménez Alemán, noméase ao prof. Tomás Farto Piay secretario da Comisión Académica do Máster en Avogacía.

Actividades celebradas no Centro dende a reunión da Xunta de Facultade celebrada o 17 de marzo de 2022

- Homenaxe a Xosé Luís Franco Grande o 1 de abril de 2022.
 - Participación na Feira de Emprego celebrada, conxuntamente, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, entre os días 25 a 28 de abril.
- Con cargo ao presuposto da Facultade custeouse, unicamente, o pincho ofrecido ao finalizar ambos eventos cuxo importe ascendeu a un total de 400€. O Decano agradece a colaboración na xestión da Feira tanto á Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da UVigo como ao concello de Vigo.
- Celebración de Seminarios internacionais con profesorado provinte de Camboya, Brasil e Arxentina.
 - Seminario da Escola española de arqueoloxía española en Roma promovido polo prof. Xosé Ramón Rodríguez Lago
 - Actividades relativas ao módulo Jean Monnet: “La cooperación entre Administraciones tributarias en el entorno digital de la UE”.

O Sr. Decano agradece as áreas a celebración de todos estes eventos que redundan nunha maior visibilidade do noso Centro.

- Celebración do Acto de Gradación do Máster en Avogacía o 3 de xuño de 2022 no salón de Graos da Facultade.



- O vindeiro 23 de xuño celebrarase o acto de gradación da X promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e o 1 de xullo terá lugar o Acto de gradación da X promoción do Grao en Dereito. Ambos eventos terán lugar no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Investimentos e infraestruturas:

- Tense contratado unha campaña de publicidade das titulacións do noso centro en redes sociais. Esta campaña se centra en darlle un pequeno pulo a nivel de redes sociais ás titulacións da Facultade pero, en particular, á nova quenda de tarde do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos que entrará en funcionamento o vindeiro curso.
- Reunión co Vicerreitor e co Director de Área de Planificación para impulsar as obras que se van realizar durante este ano no Centro e serán financiadas pola devandita vicerreitoría. No que atinxe ao Salón de Graos está previsto cambio de mobiliario e de monitores. Xa está feito o pedido.
- Está encargado o cadro homenaxe a anterior decana, a prof. Almudena Bergareche.

Parabéns:

- O Sr. Decano felicita á prof. Marta García Mosquera, coordinadora de igualdade da Facultade, pola súa labor na obtención para o Centro do distintivo de igualdade. O Decano manifesto que supón un orgullo para a Facultade e un recoñecemento ao traballo da coordinadora. Ademais, o devandito distintivo vai acompañado dun incremento orzamentario de 3000€.
- Parabéns ao prof. Jacinto Lareo Jiménez que acadou o título de doutor o 8 de abril de 2022.

3. Aprobación, se procede, do calendario de elaboración e aprobación das guías docentes para o curso 2022-23.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do nomeamento do profesor doutor D. Miguel Díaz y García Conlledo, como membro honorífico do Claustro de profesorado de Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

O Sr. Decano cede a palabra ao prof. Javier de Vicente Remesal quen manifesta que é unha satisfacción e honor para a área de Dereito Penal propoñer ao prof. Doutor Miguel Díaz y García Conlledo como membro honorífico do Claustro de profesores da Facultade. Expón que se trata dun penalista de prestixio internacional cuns méritos extraordinarios (6 sexenios de investigación, un sexenio de transferencia, tres doutorados *honoris causa*) como se exporá con máis detemento o vindeiro 1 de xullo.

Apróbase por asentimento o nomeamento do profesor doutor D. Miguel Díaz y García Conlledo, como membro honorífico do Claustro de profesorado de Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

5. Aprobación se procede, do nomeamento de Don Germán Serrano Espinosa, como padriño externo da X Promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

O Sr. Decano cede a palabra á vicedecana e coordinadora do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos, a prof. Belén Fernández Docampo, quen fai unha breve mención á figura de D. Germán Serrano Espinosa facendo constar que foi o alumnado do Grao quen o elixiu como padriño externo da X Promoción.



Apróbase por asentimento o nomeamento de Don Germán Serrano Espinosa, como padriño externo da X Promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

6. Rolda aberta de intervencións.

A prof. Teresa Martínez Táboas pregunta si é necesario cubrir o apartado relativo a continxencias nas guías docentes para o curso 2022-2023. O Decano e a vicedecana, prof. Belén Fernández Docampo, manifestan que non é preciso pero que, en todo caso, enviarase un correo electrónico coas indicacións oportunas.

O Decano manifesta a intención de celebrar o vindeiro 7 de xullo a última Xunta de Facultade do presente curso académico na que, entre outras cuestións, vanse propor a aprobación das guías docentes para o curso 2022-23.

Non habendo mais cuestións que tratar, levántase a sesión sendo as 13:00h.

Secretaria
María Antonia Arias Martínez

V.ºPr. do Presidente
Francisco José Pérez Torres